

Cuadernu

REVISTA INTERNACIONAL DE PATRIMONIO, MUSEOLOGÍA SOCIAL, MEMORIA Y TERRITORIO



ARTÍCULOS | HECHOS, VALORES Y PATRIMONIO CULTURAL. REFLEXIONES DESDE LA TEORÍA DE LA VALORACIÓN DE JOHN DEWEY ■ SANADURÍA, CORAZONAR Y TEJER UN PROYECTO MUSEOGRÁFICO PARTICIPATIVO Y COLABORATIVO QUE PLURALIZA LOS SENTIDOS DE PAZ EN COLOMBIA ■ APROXIMACIÓN AL USO DE LA CARTOGRAFÍA SOCIAL EN LA GESTIÓN DEL PATRIMONIO. ALGUNAS REFLEXIONES Y APLICACIONES DESDE VALÈNCIA (ESPAÑA) ■ SAN CIBRAO DO MONTE CALVO (OURENSE). RECRISTIANIZACIÓN DE UN MONTE SAGRADO EN EL SIGLO X ■ MAPEO DE RELACIONES Y AGENTES CLAVES COMO HERRAMIENTA DE DIAGNÓSTICO TERRITORIAL: PRÁCTICAS Y APRENDIZAJES EN LA REGIÓN CENTRO DE ARGENTINA ■ ANÁLISIS DE LA TÉCNICA DE FACTURA DE LOS AMARRES DE CUERO DE LAS CAMPANAS ANTIGUAS DEL CENTRO DE LA CIUDAD DE GUADALAJARA, MÉXICO ■ **NOTAS** | ENCORGADAS. REACTIVACIÓN DO REGADÍO TRADICIONAL DE PENELAS (TEO, GALIZA) ■ THE SHARED ADMINISTRATION OF LIVING HERITAGE IN PARABIAGO ITALIA ■ **VARIA** | EL PATRIMONIO DE LA GUERRA CIVIL COMO HERRAMIENTA PARA LA REAPROPIACIÓN IDENTITARIA Y LA VERTEBRACIÓN TERRITORIAL EN LA COMUNIDAD DE MADRID ■ **ENTREVISTA** | Xosé Lluís García Arias: DE CAMPU, PATRIMONIU Y TRECENDENCIA

Cuadernu

REVISTA INTERNACIONAL DE PATRIMONIO, MUSEOLOGÍA SOCIAL, MEMORIA Y TERRITORIO

Cuadiernu

REVISTA INTERNACIONAL DE PATRIMONIO, MUSEOLOGÍA SOCIAL, MEMORIA Y TERRITORIO

COMITÉ EDITORIAL

DIRECCIÓN | Jesús Fernández Fernández (Universidad de Oviedo/La Ponte-Ecomuséu)

SECRETARÍA | Carmen Pérez Maestro (Universidad de Alcalá/La Ponte-Ecomuséu)

CONSEJO | Oscar Navajas Corral (Universidad de Alcalá); Laura Bécares Rodríguez (La Ponte-Ecomuséu); Llorián García Flórez (Universidad de Oviedo); Andrés Menéndez Blanco (Universidad de Oviedo); Carlos Suari Rodrigue (Universitat Rovira i Virgili); Sebastián Vargas Álvarez (Universidad del Rosario, Colombia); Llorián García Flórez (Universidad de Oviedo).

COMITÉ CIENTÍFICO

Julio Concepción Suárez (Real Instituto de Estudios Asturianos); Alejandra Korstanje (Instituto Superior de Estudios Sociales, CONICET/UNT, Argentina); Javier Fernández Conde (Universidad de Oviedo); Margarita Fernández Mier (Universidad de Oviedo); Armando Graña García (IES Arzobispo Valdés Salas); Jesús Ruiz Fernández (Universidad de Oviedo); Gabriel Moshenska (University College London); Sofía Chacaltana Cortez (Universidad Antonio Ruiz de Montoya, Perú); Alberto Sarcina (Instituto Colombiano de Antropología e Historia, Colombia).

EDITA

LA PONTE-ECOMUSÉU

www.laponte.org

Villanueva de Santu Adrianu s/n CP 33115 (Asturias, España)

Correo electrónico info@laponte.org

Tfno.: 985 761 403

DISEÑO Y MAQUETACIÓN | Amelia Celaya

Obra bajo licencia Creative Commons



3.0 ES

Más información en: <http://creativecommons.org/>

La revista *Cuadiernu* está indexada en las siguientes bases de datos: Directory of Open Access Journals (DOAJ), European Reference Index for the Humanities and Social Sciences (ERIHPLUS), Information Matrix for the Analysis of Journals (MIAR), Sherpa/Romeo, Biblioteca Nacional de España, Clasificación Integrada de Revistas Científicas (CIRC), Catálogo de la Red de Bibliotecas Universitarias (REBIUN), Worldcat, Dulcinea, Dialnet y Latindex, entre otras.

ISSN-e: 2340-6895

ISSN: 2444-7765

D.L.: AS-04305-2014

Diciembre 2023

sumario

4 Editorial

Artículos

- 11** Hechos, valores y patrimonio cultural. Reflexiones desde la teoría de la valoración de John Dewey
- 31** Sanaduría, corazonar y tejer un proyecto museográfico participativo y colaborativo que pluraliza los sentidos de paz en Colombia
- 67** Aproximación al uso de la cartografía social en la gestión del patrimonio. Algunas reflexiones y aplicaciones desde València (España)
- 99** San Cibrao do Monte Calvo (Ourense). Recristianización de un monte sagrado en el siglo X
- 133** Mapeo de Relaciones y Agentes Claves como herramienta de diagnóstico territorial: prácticas y aprendizajes en la Región Centro de Argentina
- 165** Análisis de la técnica de factura de los amarres de cuero de las campanas antiguas del centro de la ciudad de Guadalajara, México

Notas

- 190** EnCorgadas. Reactivación do regadío tradicional de Penelas (Teo, Galiza)
- 210** The shared administration of living heritage in Parabiago, Italia

Varia

- 234** El Patrimonio de la Guerra Civil como herramienta para la reapropiación identitaria y la vertebración territorial en la Comunidad de Madrid
- 260** Entrevista a Xosé Lluís García Arias: de campu, patrimoni u y trescendencia

EnCorgadas. Reactivación do regadío tradicional de Penelas (Teo, Galiza)

Lucía Santiago Sanmiguel e Asociación Veciñal Trinxidoiro de Penelas

Activista e investigadora independente. Xestión e socialización do patrimonio.

(2010.santiago.sanmiguel.lucia@gmail.com)

Resumo

LabUlla é un proxecto de investigación-acción participativa que ten como obxectivo desenvolver procesos comunitarios de creación e socialización de patrimonios que permanecen invisibilizados. Actualmente, a comunidade de Penelas (Teo, Galiza), unha das aldeas participantes no proxecto, decidiu enfocarse na recuperación do seu complexo sistema hidráulico, documentado desde o século XVIII. En xuño de 2022 deu comezo o proceso participativo de co-construción de coñecementos etnográficos e históricos. Esta fase demostrou que esta arquitectura popular multifuncional composta por "corgos", pequenas represas e canles de rega, continúan tendo moita importancia como elemento simbólico e identitario para a comunidade local.

En 2023, todos os coñecementos adquiridos están a ser postos en práctica. Realizáronse diferentes traballos ao redor do patrimonio e a súa socialización, levando á aldea a ser como un ecomuseo aberto e vivo. Respecto aos "corgos", identificouse a variedade autóctona de millo e os terreos de cultivos, e acondicionáronse as canles de rega para iniciar o ciclo de produción. Finalmente, pretendemos compartir inquietudes, crear redes e sinerxías en canto a formas de facer e fontes de financiamento, e así poder continuar co proxecto.

Palabras chave

Regadíos tradicionais, patrimonio, comunidade, investigación-acción participativa.

Abstract

LabUlla is a participatory action-research project that aims to develop community processes of creation and socialisation of heritages that remain invisible. Currently, the village of Penelas (Teo, Galiza), one of the places participating in the project, decided to focus on the recovery of its complex traditional hydraulic system, documented since the 18th century.

The participatory process of co-construction of ethnographic and historical knowledge began in June 2022. This phase demonstrated that this multi-functional popular architecture composed of «corgos», small dams and irrigation canals, continue to be of great importance as a symbolic and identity element for the local community.

In 2023, all the knowledge acquired is being put into practice. Different works have been carried out about heritage and its socialisation, leading the village to become an open and living ecomuseum. We have recovered the traditional variety of maize to cultivate, irrigate and grind it. Finally, we aim to share concerns, create networks and synergies in terms of ways of doing things and sources of funding, and thus be able to continue with the project.

Keywords

Traditional irrigation, heritage, community, participatory action-research.

Introdución

O proxecto EnCorgadas parte do laboratorio de socialización patrimonial LabUlla¹; unha iniciativa que nace coa intención de superar as acepcións convencionais sobre o patrimonio, incorporando un novo concepto que sexa inclusivo e contextual, e que integre as peculiaridades territoriais como as paisaxes culturais, as prácticas, os coñecementos e o patrimonio inmaterial poñendo ás comunidades locais no centro.

Desta forma, o laboratorio LabUlla lévase a cabo xunto coas asociacións veciñais Cruceiro de Monte, de Solláns, e Trinxidoiro de Penelas; ambas as dúas do Concello de Teo. En temos xerais, co LabUlla pretendemos crear ou fortalecer espazos de encontro e dar visibilidade aos procesos comunitarios de creación e socialización daqueles patrimonios que fican invisibles ou que son invisibilizados nestes territorios.

¹ O LabUlla ten como nexo o proxecto dixital www.obaixoulla.gal.

O laboratorio é completamente diferente en cada espazo, pois as dinámicas socioculturais e económicas, a morfoloxía de cada territorio e as comunidades participantes determinan as actividades e metodoloxías a seguir. De forma global tanto coa veciñanza de Penelas como coa de Solláns, traballamos sempre con dúas premisas xerais: as persoas e patrimonio e a aldea como espazo educativo e sostible.

Cabe mencionar que no LabUlla teñen especial importancia os procesos; é dicir, para nós é máis importante a forma de deseñar e desenvolver as actividades que o resultado das mesmas. Por iso, tamén é central atender á metodoloxía do proceso, que segue principalmente o modelo ensamblario.

O LabUlla en Penelas: contexto e localización

O Concello de Teo pertence á Comarca de Santiago de Compostela e linda cos concellos de Ames e Santiago polo sur; Padrón e A Estrada polo norte; Vedra polo leste; e Brión e Rois polo oeste. Este concello conta cunha extensión de case 80 km² que se divide en trece parroquias, sendo unha das de maior tamaño a de San Simón de Ons de Cacheiras, ocupando un 15,5% do total da área do concello. Nesta parroquia atópase o 31% da poboación² de Teo, espallada polas 25 entidades de poboación da mesma. Entre estas aldeas está o noso caso de estudo, Penelas (FIGURA 1). Trátase dunha das aldeas

de menor tamaño, na que vive un 2,5% das persoas censadas na parroquia, de acordo cos datos extraídos do ano 2022 no INE.

De forma xeral, a orografía de Teo caracterízase por ser suave, o punto máis alto é a Pena Agrela (con 410 m). Penelas, situada a 190 m sobre o nivel do mar, ten unha lixeira inclinación cara ao sur que parte desde o noroeste co alto de Montouto (339 m), e continúa cara ao sueste co val de Santa Lucía (110 m), un dos afluentes do río Ulla. A paisaxe da aldea tradúcese nunha paisaxe con certa uniformidade nas parcelas, resultado das fórmulas de xestión aplicadas a partir dos anos 80 coa construción da parcelaria, e coas dinámicas previas de desagrarización do territorio galego que tiveron lugar a partir dos anos 60. Estas dinámicas vense plasmadas na paisaxe mediante a superficie de árbores que foron colonizando aquelas terras dedicadas ao uso agrícola ou gandeiro, un feito que se veu acentuado coa entrada de España na CEE (Corbelle e Crecente, 2014, p. 49).

Ademais da desaparición do minifundio que caracteriza a paisaxe galega doutra hora, o territorio de Penelas ficou quebrada polas autovías AG-59 e AG-58 no ano 2008. A primeira une Santiago coa Estrada e a segunda parte da primeira para dar acceso a Cacheiras. Así, a proximidade e o fácil acceso á cidade de Santiago está dando lugar a novos asentamentos na aldea, aumentando en apenas catro anos 24 habitantes. Deste xeito, a aldea




FIGURA 1 Localización de Penelas.
Fonte: Visor Iberpix (Instituto Geográfico Nacional), imaxe modificada por Lucía Santiago.

estase convertendo nunha especie de aldea dormitorio.

Neste contexto, a Asociación Veciñal Trinxi-doiro³ desempeña un papel fundamental no desenvolvemento comunitario da aldea, realizando actividades para poñer en valor a cultura local, especialmente aquelas que atinxen á música tradicional e á memoria oral. No marco do laboratorio, a asociación é o noso enlace coas persoas da aldea.

Iniciamos a nosa actividade en xullo do 2022 e realizamos dous encontros mensuais regulares –ademais de convocatorias extraordina-

rias–, nos que participan 25 veciñas e veciños, case un 17% das persoas habitantes. O grao de participación é bastante alto de forma regular, chegando a duplicarse especialmente cando pechamos procesos coa celebración de festas.

O grupo caracterízase por ser interxeracional e por estar composto por persoas con diferentes traxectorias vitais e profesionais. Ante esta heteroxeneidade é preciso trazar e aplicar diferentes metodoloxías de mediación e participación, incluíndo aquelas actividades con compoñentes lúdicos propios da educación nos tempos libres que axudan ao coñe-

² INE 2022.

³ https://www.facebook.com/trinxidoiro/?locale=es_ES

cimento mutuo e á comunicación non verbal. Desta forma, logramos a implicación activa e unha maior inclusión e comprensión entre as persoas que participan. A cuestión de xénero está bastante equilibrada, tendo como excepción ás persoas máis vellas, que son maioritariamente mulleres, as principais transmisoras de memoria oral da aldea.

O noso punto de partida foi unha diagnose sobre o territorio e as súas mudanzas, facilitando que o grupo se centrara en microproxectos con temáticas entrelazadas e elixidas acorde aos intereses e preocupacións da veciñanza. Todos estes microproxectos teñen unha forte relación coa cuestión patrimonial, en todos eles se aplicou a investigación-acción participativa.

Por outra banda, cabe mencionar que ao ser un laboratorio cunha duración de 12 meses, fomos quen de coñecer as particularidades e necesidades de cada persoa, polo que de forma transversal realizamos actividades que favorecen o autocoidado. O modo de proceder para poñer en marcha os microproxectos comunitarios é sempre o mesmo: realizamos con diferentes fórmulas diagnósticos participativos que conxugan a presenza colectiva no Cuberto de Cebeiro, o noso punto de encontro, con

actividades por toda a aldea (FIGURA 2). Entre os proxectos realizados destacamos a localización mediante mapeamento da microtoponimia⁴ e a memoria sobre os cultivos e manexos asociados a cada leira. A recuperación e sistematización dos datos sobre as diferentes variedades agrícolas locais deunos moita información sobre a súa relación coas variables topográficas, de solo, de tecnoloxía, de cultura (Carreira e Carral, 2014, p. 123). Ademais disto, reivindicamos espazos, lugares, historias e vivencias comúns a través da fotografía e vídeo (FIGURA 3).

Finalmente, os diferentes proxectos leváronnos ao gran proxecto EnCorgadas. É dicir, EnCorgadas é o resultado de moitos proxectos ou microproxectos anteriores que fixeron mudar de forma orgánica o lema escollido pola veciñanza para aldea, que transitou desde *Penelas Patrimonio* a *Penelas Ecomuseo*.

O termo ecomuseo non é trivial, pois todos os proxectos e actividades que se viñeron realizando son sustentados pola participación da veciñanza, as habitantes de Penelas, que queren socializar o seu patrimonio para a súa valoración e preservación dunha forma orgánica e sostible, que vai moito máis alá da musealización convencional (FIGURA 4).

⁴ Ademais dos datos catastrais, consultamos o proxecto Galicia Nomeada e libros de referencia sobre a microtoponimia da auga como “Toponimia de Dodro e de Laiño. Os nomes da auga” de Manuel Lourenzo Baleirón (2011).



FIGURA 2 Traballos de mapeamento no Cuberto de Cebeiro. Fotografía de Lucía Santiago Sanmiguel.



FIGURA 3 Actividade “fotografía investigativa” pola aldea. Fotografía dunha das participantes do LabUlla.

EnCorgadas: descrición do proxecto

A cuestión da auga sempre estivo moi presente na literatura galega: Álvaro Cunqueiro referiu-se a Galiza como *o país dos mil ríos*, e Rosalía de Castro como o seu lugar de ríos, fontes e regatos pequenos. O territorio galego conta cunha rede hidrográfica certamente profusa, tendo máis de 21.200 ríos que xeran unha tupida rede de 32.200 km de cursos de auga (Santos, 2020, p. 153). Isto, sumado a un clima oceánico de índices pluviométricos relativamente altos –situación que está mudando co aceleramento do cambio climático– deu como resultado que se desenvolvesen estruturas complexas de xes-



FIGURA 4 A festa da Debulla, onde ademais de debullar o millo para logo sementar, fixemos un mural cos nomes e usos das diferentes partes do millo. As crianzas eran as encargadas de reflectir o que as maiores nos ían contando. Fotografías da Asociación Trinxidoiro.

tión da auga por parte das xeracións labregas ao longo do rural galego. De feito, todas as entidades de poboación dispersas polo noso territorio tiveron ou teñen un mecanismo de xestión e aproveitamento da auga adaptado ás peculiaridades de cadanseu terreo.

Porén, aínda que os sistemas hidráulicos e de regadío permanecen máis ou menos presentes na paisaxe, apenas existen estudos científicos sobre os mesmos no noroeste peninsular. No sur de España temos de referencia o proxecto MEMOLab⁵ da Universidade de Granada. En Galiza coñecemos as investigacións de Ángeles Santos Vázquez (2020) sobre a xestión da auga e a súa influencia na construción

do territorio galego, especialmente no sur de Galiza; e en Tras os Montes o traballo de Gándara Portela (1991).

Tal e como indicamos anteriormente, os microproxectos realizados desembocaron en EnCorgadas. Este proxecto responde ás necesidades e preocupacións da veciñanza e céntrase na investigación histórica, localización, identificación e reactivación do complexo sistema hidráulico tradicional da aldea composto por mananciais naturais, corgos, lavadoiros, regos e muíños. Esta mostra de enxeñaría hidráulica deixa testemuña do noso pasado, das relacións comunitarias e identidades, dos saberes, así como dos agrosistemas, e usos e cos-

tumes; sendo hoxe parte da paisaxe cultural, da historia e do patrimonio común que define, neste caso, á comunidade de Penelas. A vontade das persoas participantes é o exemplo de que se ben as paisaxes mudan constantemente, estas poden permanecer de dúas formas. Por unha parte as paisaxes anteriores reflíctense nas seguintes, e por outra, a paisaxe de cada lugar ten algo que permanece e que lle permite ser identificado *como a paisaxe de alguén* ou dalgún lugar concreto (Criado-Boado, 2016, p. 31).

Metodoloxía, obxectivos e fases

A metodoloxía empregada para realizar este proxecto ten de base a Investigación-Acción participativa, mais combina diferentes métodos acordados ás fases do proxecto, que foron tres. Así mesmo, hai que ter en conta que EnCorgadas é a continuación do previamente desenvolvido, o resultado dunha serie de traballos ou microproxectos previamente definidos e executados.

Os obxectivos establecidos foron formulados sen a ambición de construír un traballo puramente académico, senón que partiron da vontade de poñer en marcha un proxecto en comunidade de forma horizontal. Desta forma, trazáronse os seguintes obxectivos xerais:

- Identificar os elementos que configuraban o sistema hidráulico do territorio.
- Acondicionar os corgos e regos que aínda poden ser usados.
- Poñer a andar o sistema hidráulico de Penelas.

Os obxectivos específicos son:

- Xeolocalizar, investigar e localizar os corgos desaparecidos e existentes.
- Achegarnos á configuración agraria da aldea.
- Crear un proxecto de plantación e coidado da variedade do millo local para utilizar os corgos.
- Involucrar á veciñanza para crear un sistema de reparto equitativo do uso da auga, e levar a auga ás hortas particulares.

A primeira fase estivo centrada na investigación histórica e etnográfica, no mapeamento, e na xeolocalización dos corgos e quenllas que desapareceron e as que sobreviven. Para afondar na cuestión da microtoponimia estudáronse os datos asociados a cada unha das leiras, estes datos foron consultados no Catastro da Riqueza Rústica⁶ de 1957, xunto con entrevistas ás habitantes da aldea. Así mesmo, realizáronse traballos de campo

⁵ <https://blogs.ugr.es/memolab/>

⁶ Catastro de la Riqueza Rústica, Provincia de la Coruña, Partido Judicial de Padrón, Término Municipal de Teo, polígono 5. Consultado no Arquivo do Reino de Galicia.

con derivas para a análise da paisaxe actual. Tamén traballamos con mapas históricos, concretamente o Voo Americano Serie B de 1956-1957, e cos arquivos ráster das planimetrías correspondentes á dixitalización dos mapas manuscritos en papel entre 1870 e 1950 de España, do Arquivo Topográfico do IGN. Nesta fase fomos quen de situar varias estruturas que formaban o complexo sistema hidráulico, que desapareceron logo dos anos 60, así como de definir e delimitar o treito de regadío do noso estudo.

Na segunda fase, centrámonos na recolleita de documentación dos arquivos históricos persoais da veciñanza sobre o reparto da auga do treito que estamos a recuperar; así como na elaboración dos primeiros esbozos dos paneis interpretativos que identifican todos os elementos do sistema hidráulico da aldea. Nesta mesma fase, sementamos o millo, poñendo a andar esta enxeñería popular e realizando as tarefas correspondentes para o seu coidado.

Na terceira fase, enfocáronos a estudar con profundidade o sistema de reparto de auga, tentando que sexa adecuada ás dinámicas socioculturais actuais e á distribución dun terreo profundamente cambiado. Se-

guiremos definindo os trazados dos regadíos desaparecidos e analizando a capacidade dos mananciais que nutren os corgos sobre os que traballamos neste proxecto. Así mesmo, esfolharemos o millo e usaremos a forza motriz da auga para moelo. Logo realizaremos receitas e pecharemos esta fase cunha festa gastronómica con toda a veciñanza.

Para finalizar, analizaremos os resultados obtidos neste proxecto piloto de cultivo, rego, e moenda, para implementar o novo reparto de auga con todas as casas que queiran facer uso dela, ben sexa para regar cultivos ou moer no muíño da aldea.

Tanto en todas as fases do proxecto EnCorgadas como no LabUlla utilizamos os medios audiovisuais, recollendo mediante vídeo, gravacións de voz e fotografías todos os procesos⁷. No caso de EnCorgadas, realizamos un pequeno documental sobre as fases 1 e 2 dispoñible aquí⁸.

Características do sistema hidráulico tradicional: o rego de moldes

O sistema hidráulico tradicional sobre o que traballamos neste proxecto aproveita o desnivel do terreo de Penelas desde o nacemento da Fonte das Seixas até o final da aldea, onde

⁷ O documental resultante do LabUlla en Solláns é Mulleres con Memoria: <https://www.youtube.com/watch?v=AAWjdmJtF2g>

⁸ O Trinxidoiro, un documental do proxecto EnCorgadas: <https://www.youtube.com/watch?v=-sJX9xTFzE>



FIGURA 5 A veciñanza realizando tarefas de acondicionamento de limpeza do corgo. Fotografía da Asociación Trinxidoiro.

queda fracturado pola autovía. Esta parte do regadío é a máis complexa en canto ao seu funcionamento, pois desde a Fonte das Seixas discorre até o Corgo do Cura, para seguir até o Corgo de Cima de Veiga e, pouco máis abaixo até o que denominan como Os Corgos. Os Corgos son nutridos por, ao menos, tres mananciais naturais que brotan no seu interior, tendo así durante todo o ano auga, e son os únicos utilizados e acondicionados de forma esporádica pola veciñanza de Penelas co obxectivo de os manter vivos e transmitir a importancia do uso sostible e produtivo da auga ás xeracións vindeiras (FIGURA 5). Logo dos Corgos, o rego conduce a auga ás ruínas dun muíño do século XIX, despois aos lava-doiros e por último ao Muíño do Xardín, que está actualmente en uso.

O sistema hidráulico é construído aproveitando a morfoloxía do terreo. Ademais ten múltiples funcións, desde regar e ser fonte de auga para o gando, até aproveitar a forza motriz para moer. Outra peculiaridade é que o seu manexo require un coñecemento específico de mantemento e de uso que é transferido de xeración en xeración acorde a un modelo de gobernanza establecida pola propia comunidade.

Ademais das características xerais, os corgos son o motor principal que pon en funcionamento o conxunto hidráulico. Podemos describilos como estruturas escavadas no chan que almacenan a auga dos mananciais e da chuva, para ser distribuída de forma organizada seguindo directrices previamente fixadas pola comunidade e utilizando un sistema de canali-

quecedor consultar posibles conflitos históricos na aldea e os sistemas de propiedade dos elementos considerados hoxe do común.

Sexa como for, a cuestión da auga suscita moito interese na veciñanza de Penelas, e non só polo valor patrimonial, senón que tamén polos valores simbólicos que conforman un legado cultural inmaterial de referencia: tradición oral, toponimia, lendas, crenzas, etc. De feito, a imaxe e significados do sistema de regadío da aldea muda segundo a mirada, xerando ou recreando así os valores que lles son atribuídos (de Uña, 2009, p. 31). A isto hai que sumarlle o valor ambiental: a función dos sistemas de regadío en canto á que propicia a drenaxe dos solos; os hábitats que configuran os corgos e regos; e a biodiversidade de flora e fauna, predominando os xuncos, os carrizais e os budiños. Noutra esfera, os regadíos tradicionais foron o motor para que as terras produzan, polo que non podemos esquecer a súa dimensión socioeconómica en canto á actividade agrícola e as relacións sociais e culturais que se teceron ao redor deles e que continúan presentes nas últimas xeracións da aldea.

Localización dos elementos que forman o sistema hidráulico

A continuación amosamos un resumo dos elementos que configuran o sistema hidráulico obxecto do proxecto EnCorgadas.

Fonte das Seixas

Fonte que brota do manancial natural de auga, situada aproximadamente a 600 m ao noroeste do núcleo de Penelas e do que xorde o caudal principal que nutre as demais estruturas do sistema hidráulico. O topónimo alude á natureza xeolóxica do lugar; o ollo da fonte xorde dun afloramento de seixo. Segundo a documentación histórica, é posible que esta fonte estivese no denominado “Monte común das Seixas”. Na actualidade non hai monte en mancomunidade.

Tallos do Rego de Moldes

Partindo da Fonte das Seixas, o sistema de regadío continúa polo denominado Tallo⁹ do Rego, do que hoxe apenas queda o seu microtopónimo, até chegar ao propio Rego de Moldes. Os cambios nas dinámicas de explo-

Localización. Datum ETRS89 UTM 30	Datos catastrais
Coord. X: [537857.8] Coord Y: [4742486.22] Altitude: [254.601]	Ref. catastral: 15083A515011970000KF Localización: Polígono 515 Parcela 1197 FONTE DAS SEIXAS. TEO (A CORUÑA)

tación da terra desembocaron na plantación intensiva do monte. Destaca neste modelo a plantación do eucalipto, unha especie pirófito e invasora que ten un impacto negativo significativo nos recursos hídricos. Con todo, a conexión da auga desde a Fonte das Seixas co Rego de Moldes reconduciuse e canalizouse para discorrer por debaixo da estrada. Porén, pódese intuír por onde pasaba o rego, xa que se pode apreciar vexetación herbácea no lugar de árbores, que repoboan o seu arredor.

O Rego de Moldes

O Rego de Moldes comunica a auga que brota do manancial cos corgos. Este ten aproxima-

Datos catastrais

15083A515006920000KU Polígono 515
Parcela 692
TALLOS DO REGO. TEO (A CORUÑA)
3.489 m²

damente 1 m de ancho e algo menos de 500 m de lonxitude. Neste treito coincide cunha exposición lírico-fotográfica elaborada pola Asociación de Veciños Trinxidoiro.

Ao longo do rego conviven diferentes especies arbóreas: desde piñeirais e eucaliptais até un conxunto de carballos autóctonos centena-

rios. No Libro real de leigos¹⁰ constatamos a existencia de carballos nesta zona a mediados do século XVIII, pois no que denominan Agro de sobre da Presa, próximo ao camiño Real que levaba a Santiago de Compostela recollen a presenza de “algunos robles”.

Corgo ou presa do Escribán, Poza do Cura

Sitúase próximo ao “Agro do escribán”. O

Datos catastrais

15083A515006930000KH | Polígono 515
Parcela 693 | 7.906 m²

microtopónimo xa fai referencia ao tipo de propiedade, era terra de sementeira na que é probable que se alternase o cultivo de cereal co de nabo (FIGURA 7).

Localización. Datum ETRS89 UTM 30

EPSG:4258 [-8.534077,42.833207,229.165]
EPSG:25829: [538079.21,4742398.29,229.165]

¹⁰ Libro real de leigos de San Simón de Ons de Cacheiras. Tomo 1. 1752



FIGURA 7 Corgo do Cura. Imaxe de Lucía Santiago Sanmiguel.

Corgo Pequeno ou de Cima da Veiga e Os Corgos

Seguindo o curso do rego aparecen os seguintes corgos. Estes foron acondicionados pola comunidade con certa periodicidade (limpeza de vexetación que obstaculiza o tránsito da auga e retiro de sedimentos que se acumulan no fondo). Ao igual que o anterior corgo, estes atópanse no camiño de paso de acceso por parte da veciñanza usuaria da auga.

Os corgos situados no polígono 503, parcela 138, sufriron nos últimos anos fortes afeccións debido á alteración das paredes de pedra da súa propia estrutura por obras de construción dunha vivenda realizadas por parte da persoa propietaria de dita parcela. Se ben o resto dos corgos son singulares, estes presen-

Denominación	Localización Datum ETRS89 UTM 30	Datos catastrais
Corgo de Cima da Veiga	EPSG: 4258: [-8.532966,42.830524,214.68] EPSG:25829: [538171.67,4742100.77,214.62]	Camiño de paso uso comunidade usuarias
Os Corgos	EPSG:4258: [-8.532656,42.829866,206.092] EPSG:25829: [538197.40,4742027.84,206.092]	15083B503001380001DS Localización: LG PENELAS 61 Polígono 503. Parcela 138 REVOLTA. 15883 TEO (A CORUÑA) Clase: Urbano Uso principal: Residencial Superficie construída 357 m ²

tan a particularidade de seren alimentados por tres fontes de auga naturais, ou mananciais, recollidos até tres por informe pericial no 2013. Malia parecer un corgo grande, na realidade son dous e chegan a almacenar ao redor de 10.000 l de auga. A súa construción foi elaborada aproveitando o desnivel do terreo, xerando unha represa semicircular que foi pechada cun sólido muro de contención de pedra e de morteiro pobre (FIGURA 8).

O documento máis antigo que atopamos até o momento menciona a existencia destes corgos. Trátase dun documento notarial privado de 1792 no que se fai referencia ao cami-

ño de pés que transcorre aínda hoxe ao longo da “Veiga dos Corgos”. Consérvase ademais como topónimo neste emprazamento a “Fonte dos Corgos”, recollido no proxecto Galicia Nomeada¹¹.

Muíños e lavadoiros

Se continuamos o curso do sistema hidráulico, chegamos ao núcleo da aldea. O primeiro muíño que atopamos é o Muíño de Rey ou tamén chamado na documentación histórica do século XIX como “Molino viejo”, hoxe desmantelado. Logo do Muíño de Rey, está o Muíño do Xardín, ou tamén chamado “o de

Localización	Datos Catastrais
Muíño de Rei ou Molino Viejo	
EPSG:4258: [-8.531086,42.828922,196.957] EPSG:25829: [538326.35,4741923.82,196.957]	15083B503020030000SD. Localización: LG PENELAS Polígono 503 Parcela 2003 CIMA DO RIO. TEO (A CORUÑA)
Muíño de Manuela Fernández ou Muíño do Xardín	
EPSG:4258: [-8.530333,42.828748,190.768] EPSG:25829: [538387.95,4741904.83,190.768]	Localización LG PENELAS 21 Polígono 502 15083B50305190 TEO (A CORUÑA)

¹¹ Galicia Nomeada: <https://galicianomeada.xunta.gal/sixtop/inicio>



FIGURA 8 Un veciño
abrindo os Corgos.
Imaxe de Sofía
Naseiro.



FIGURA 9 Canle restaurada
no medio da aldea e Muíño
do Xardín. Imaxes de Sofía
Naseiro.

Manuela Fernández” (FIGURA 9). Este muíño contemporáneo foi construído en 1935 e é o que poñemos a funcionar dentro do marco do proxecto. Se ben se trata dun muíño privado que pertence a dúas familias, grazas ao

proxecto EnCorgadas estase potenciando a cesión de uso para todas as veciñas e veciños que queiran cultivar e moer.

A auga saínte do Muíño de Rey circula aldea abaixo a carón da pista que atravesa o

núcleo de Penelas de este a oeste. En diferentes puntos da canle pola que transita a auga existen pasadoiros ou pontellas para facilitar o tránsito de persoas e permitir o acceso ás diferentes fincas dende a pista principal. Tamén se atopan neste treito lavadoiros de pé, que son unha lousa de pedra chantada na terra cunha certa inclinación. Estes lavadoiros son bastante peculiares, pois son testemuñas das relacións veciñais ao redor da auga e do aproveitamento das penas de Penelas.

Localización. Datum ETRS89 UTM 30

1EPSG:4258: [-8.530965,42.828920,196.136]
EPSG:25829: [538336.21,4741923.65,196.136]

EPSG:4258: [-8.530643,42.828861,194.686]
EPSG:25829: [538362.56,4741917.25,194.686]

EPSG:4258: [-8.530643,42.828861,194.686]
EPSG:25829: [538362.56,4741917.25,194.686]

O sistema de gobernanza

O sistema de gobernanza non está totalmente definido, aínda que se inclina por un modelo tradicional xestionado unicamente pola veciñanza. Porén, poderíanse estudar diferentes opcións combinables que se axeiten a un modelo adaptado ao uso da terra actual, contribuíndo a que non desapareza este sistema hidráulico. Un deles é o que leva aplicando a

veciñanza desde ao menos o século XVIII: o modelo tradicional no que as persoas “comuneiras” se organizan no reparto da auga por días e por horas, acorde á extensión de terreo en propiedade que será regado. Estas mesmas persoas serán encargadas do seu mantemento e uso, e de transferir eses coñecementos para tal fin de xeración en xeración.

Outro modelo podería implicar a participación de institucións públicas, como pode ser o Concello. Sería así un modelo mixto no que a institución fomentaría o uso e o mantemento destas infraestruturas. Neste escenario a comunidade seguiría aplicando o modelo tradicional de reparto e normas de uso. A terceira opción sería que o sistema fose completamente da institución municipal, a que se encargaría do seu mantemento e da instauración das normas de uso.

Polo de pronto, sería interesante estudar un sistema mixto para dar solución ao conflito que existe sobre Os Corgos (situados na Veiga dos Corgos). A causa é a compravenda ao longo do tempo da parcela na que se atopan, xa que non se tiña informado ás novas persoas habitantes que na mesma parcela onde construírían a súa casa, hai un camiño de paso e dous corgos de uso común. Así, abriuse un proceso de disputa continua desde hai máis de sete anos.

Finalmente, a falta dun modelo definido, desde o LabUlla véñense contemplando outros usos e potencialidades do sistema hidráulico e da paisaxe da aldea. Unha das potencialidades

é fomentar a aldea como espazo educativo, realizando actividades dirixidas a centros de educación regulada e non regulada. Tamén se fixo un achegamento a outros usos da paisaxe, como a socialización do patrimonio con roteiros e a elaboración de paneis interpretativos.

Conclusións

Aínda que o LabUlla en Penelas non rematou, podemos afirmar que as metodoloxías participativas e horizontais son precisas para crear e reafirmar a comunidade (FIGURA 10). Así mesmo, os espazos comunais, continúan moi presentes na veciñanza, sendo considerados pola mesma como espazos sostibles.

Por outro lado, traballar en torno aos comúns, neste caso sobre o reparto consensuado da auga, tradúcese nun proceso complexo que estamos tentando adaptar aos usos e manexos da terra da actualidade. Aínda que non temos unha metodoloxía final para realizar o prorrateo, estamos seguras de que o proceso de consenso está favorecendo a xustiza social.

Ademais, a nivel ecolóxico, a veciñanza está apostando por prácticas tradicionais que contribúen a repensar a cuestión da dependencia enerxética, así como por unha produción a pequena escala e para o autoconsumo. A vontade de manter os sistemas de regadíos apoian, de acordo con Anna Maria Stagno e Vittorio Tigrino (2012: 299), a hipótese de que a continuidade dos recursos colectivos está vinculada á



FIGURA 10 Edelmira, María, Manuela e Lucía no Cuberto de Cebeiro. Fotografía de David Fontán Bestilleiro.

capacidade que ten a veciñanza de Penelas de asociarse.

Porén, é preciso ir un paso máis alá e institucionalizar unha *comunidade de regantes* para poder formalizar o complexo sistema hidráulico e reivindicar xuridicamente a súa continuidade, asemade. Para isto, é fundamental facer un profundo estudo de arquivo para poder coñecer a posibilidade de que o seu uso se remonte máis alá do século XVIII ou, ao menos, consolidar con máis datos o seu uso desde dito século.

No que respecta á IAP, estamos totalmente seguras de que o emprego e combinación de técnicas con medios audiovisuais contribúen a reforzar o sentimento de pertenza ao proxecto e a que as participantes sexan e se sintan as principais investigadoras.

En canto ás dimensións do patrimonio, concluímos firmemente que traballar a dimensión

social do mesmo é fundamental. En relación con isto, fican fóra do proxecto parte das persoas que se asentaron na aldea recentemente. Se ben unha pequena parte está integrada, é preciso achegarnos a aquelas persoas que non o están; polo tanto cómpre seguir deseñando accións para a socialización patrimonial na aldea.

Sobre as institucións, apréciase á perfección a desvinculación institucional do patrimonio coa sociedade, pois fontes naturais de auga, corgos e regos foron destruídos a causa da construción da autovía, principalmente, e outros atópanse en perigo pola construción de novas vivendas.

No que respecta á aplicación dos coñecementos e posta en marcha do sistema de regadío a través da plantación de millo, chegamos á conclusión de que o máis viable é potenciar

o uso das hortas de cada casa e a súa rega coa auga dos corgos. Por iso, neste proxecto piloto utilizamos como espazo de cultivo unha horta particular co obxectivo de apoiar e contribuír á produción ecolóxica e sustentable a pequena escala en todas as hortas da aldea.

Por último, o financiamento para este tipo de proxectos é marxinal, especialmente se se trata dun lugar que xa non é considerado rural ou que non cumpre cos estándares romantizados do rural hoxe despoboadado. No caso das aldeas periurbanas semella que xera máis ingresos a especulación urbanística que a creación de espazos de convivencia e inclusión entre vellas e novas persoas habitantes, onde se poidan compartir e transmitir os diferentes valores identitarios, tradicións e culturas, e crear e fortalecer a comunidade.

Bibliografía

STAGNO, A. M. e TIGRINO, V. (2012). Beni comuni, proprietà privata e istituzioni: un caso di studio dell'Appennino ligure (XVIII-XX secolo), *Archivio Scialoja-Bolla. Annali di studi sulla proprietà collettiva* (pp. 224-261). Milano: Giuffrè Editore.

CARREIRA, X. C. e CARRAL, E. (2014). *O pequeno é grande. Agricultura familiar como alternativa: o caso Galego*. Santiago de Compostela: Através Editora.

CORBELLE-RICO, E. e CRECENTE, R. (2014).

Urbanización, reforestación y abandono. Cambios recientes en el paisaje de Galicia, 1985-2005, *Revista Galega de Economía*, vol. 23, núm. 1, 35-52.

CRIADO-BOADO, F. (2016). Ya no somos el paisaje que

fuimos: continuidad, tradición y destrucción del paisaje. En Somoza, M. (Coord.), *Paisajes Habitados, talleres de exploración y representación del territorio* (pp.31-37). Ourense: Colectivo Re.Creo.

GÁNDARA, F. J. (1993). Os regadíos tradicionais em Tras-os-Montes: a auga e o homem. En González, X. M., Fernández de Rota y Monter, J. A. y Fidalgo, X. A., *Lindeiros da galeguidade II: Simposio de Antropoloxía: Verín, Chaves e Lubián, 11-12-13 de xullo de 1991* (pp.109-124). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

LAFUENTE, A. (2007). Los cuatro entornos del procomún, *Archipiélago*, 77-78, 15-22.

LORENZO, M. (2011). *Toponimia de Dodro e Laíño: Os nomes na auga*. Dodro: Concello de Dodro.

MEMOLAB, *Laboratorio de Arqueología Biocultural. Argumentario para la defensa del*

regadío histórico y tradicional.

En: <<https://regadiohistorico.es/argumentario?fbclid=IwAR21bpnVRkO2M8q7I4hlyyCyLEGCMJS17sK9dznLkLaAvru4bB3WM71xbKw>>

SANTOS, Á., SEOANE, H. e MARTÍNEZ, C. (2020). Los caminos del agua y la construcción de terrazas agrícolas en el país de la lluvia, *RIPARIA*, 6, 151-179.

UÑA, E. de (2009). El Valor del territorio, imagen e identidade, *Minius*, 17, 29-49.

VAN GEERT, F. e ROIGÉ, X. (2016). De los usos políticos del patrimonio. En Van Geert, F., Roigé, X. e Conget, L. (Coords.), *Usos Políticos del Patrimonio* (pp. 9-26). Barcelona: Universitat de Barcelona.

Documentos privados

a) Arquivo privado da familia de Gácio.

• Documento con referencia a

Corgos en Penelas. Ano 1776.

• Documento con referencia aos Corgos 3 e 4 nunha herdanza. Ano 1895.

• Documento sobre os "cupos". Fai referencia aos Corgos da Veiga e ao Corgo Pequeno. Ano de 1906.

b) Arquivo privado da familia da Casa de Rei

• Documento notarial de compra-venda do 25/11/ 1792.

Fai referencia aos Corgos da Fonte ou da Veiga e ao camiño de pés que transcorre aínda hoxe ao longo do sistema hidráulico.

• Documento notarial. Escritura de venda do 18/09/1804 das propiedades que proceden de herdanzas previas. Unha vez máis faise referencia aos corgos e a herbais.

c) Documentos sobre os prorateos da auga dos séculos XX e XXI.

Instrucciones para colaboradores

Normas editoriales

1. Las propuestas enviadas deberán ser originales e inéditas (que no hayan sido publicados previamente, impresa o digitalmente, en otro medio u otro idioma).
2. Son aceptados los siguientes tipos de manuscritos:
 - Artículos: su extensión no debe exceder las 10.000 palabras. Son sometidos a revisión por pares ciegos.
 - Notas: su extensión no debe exceder las 4.000 palabras. Son sometidos a revisión del consejo editor.
3. Las lenguas principales son el castellano y el asturiano, aunque puntualmente podrán publicarse trabajos escritos en otras lenguas.
4. No se admitirán en el texto términos o construcciones literarias que hagan referencia a cualquier tipo de discriminación u ofensa.
5. Las propuestas se presentarán en formato docx y constarán de las siguientes partes:
 - Título, autor/a y filiación.
 - Resumen: tendrá un máximo de 200 palabras y resumirá de manera clara y concisa el contenido. – Palabras clave: un máximo de cinco palabras descriptivas del contenido.
 - A continuación, deben seguir el orden habitual de las publicaciones científicas, con una introducción, cuerpo central descriptivo y analítico, conclusiones y bibliografía.Tanto título, resumen como palabras clave deberán presentarse también en inglés a continuación de la versión en el idioma original.
6. Figuras: se puede incluir un máximo de 10 imágenes, tablas e ilustraciones por propuesta. Las imágenes deben estar formato JPG y tener una reso-

lución mínima de 300 ppp. Se enviarán separadas del texto y denominadas con la abreviatura “Fig.” más el número que corresponda al orden de situación en el texto. Dentro del texto se señalará la posición de cada imagen todo ello entre paréntesis, Ej.: (FIGURA 6). En archivo word aparte, incluya un listado con la leyenda de cada figura. Debe señalarse la referencia y/o autoría de las figuras en caso que no correspondan al(los/as) autor(es/as) o si están tomadas de otra fuente.

7. Las notas a pie de página seguirán las indicaciones generales, reduciendo el tamaño de fuente a 10.
8. Las citas, referencias y bibliografía seguirán la norma APA 7 edición. Ejemplos:
 - Citas textuales entrecomilladas (Apellido, año, pp.), no textuales (Apellido, año).
 - Artículos
SARCINA, A. (2021). Arqueología comunitaria en un contexto de conflicto: el proyecto Santa María de la Antigua del Darién (Chocó, Colombia). *Cuadernu: Revista internacional de patrimonio, museología social, memoria y territorio*, 9 69-106.
 - Libros
FERNÁNDEZ, J. (2018). *Reclamar el paisaje*. Madrid: MediaLab-CoLab-Ministerio de Cultura, Educación y Deporte.
 - Capítulos de libro
LOPEZ, P. y PEREZ C. (2021). Una experiencia comunitaria de divulgación científica: la Ponte-Ecomuseo. En Gibaja, J. F., Mier, M. F. y Cubas, M (Coords.) *Si te dedicas a la ciencia, ¡divúlgala!: La transferencia de conocimiento en el marco de las Humanidades* (pp. 167-179). Gijón: Trea.
9. Las propuestas se enviarán por correo electrónico a la dirección cuadernu@laponte.org

Cuadriernu



COLABORAN



Aytu. de Santu Adrián



RYC-2020-029619-I/AEI/10.13039/501100011033

www.laponte.org